

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE AER ACORDOS PLENARIOS

PLENO 6 SETEMBRO 2012. ACTA 13/2012

ANTECEDENTES.-

Moción do Grupo Municipal de A.E.R. presentada no Rexistro Xeral do Concello, con data 20 de xullo de 2012, que transcrita dí:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Agrupación Electores de Redondela considera como fundamental na participación e no bo funcionamento do Concello un seguimento dos acordos aprobados polo pleno municipal.

Creemos que os acordos que toma o pleno son unha ferramenta fundamental na política local, e tamén son representativos dunha maioría dos veciños, posto que están representados cos diferentes grupos políticos que constitúen a corporación. E máis na situación actual na que o goberno non ten a capacidade de tomar decisións importantes unilateralmente.

Creemos que non só o goberno de turno debe ser o que traballe, senón que os distintos membros da oposición teñen a obriga de facer o que estea nas súas mans para o beneficio do concello e non só limitarse a criticar as decisións do equipo de goberno, que tamén. Esta moción o que tenta acadar é un mellor e máis áxil funcionamento da política municipal, permitindo aos partidos que estean na oposición unha mellor información que facilite o seu traballo.

A Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello os seguintes acordos:

- **Que o equipo de goberno, automaticamente e sen necesidade de solicitude, facilite na maior brevidade de tempo posible e por escrito aos distintos grupos que conforman o pleno, as medidas tomadas con respecto aos acordos plenarios aprobados no Concello de Redondela. Facilitaranse tanto os rexistros de saída, como a información recibida das distintas administracións instadas, así como as xestións realizadas no ámbito local.**
- **Que os efectos deste acordo teñan carácter retroactivo, polo menos dende o principio da actual lexislatura.**

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por un voto a favor da moción (A.E.R.), dez en contra (do PP) e dez abstencións (8 do PsdeGPSOE e 2 do B.N.G), acordou rexeitar a moción nos antecedentes transcrita.-